

FAMILIA, TRABALLO E EDUCACIÓN. RISCOS E PROBLEMAS DA ORGANIZACIÓN FAMILIAR

Teófilo R. Neira
Universidade de Oviedo

“A familia perdeu consistencia institucional, pero gañou intensidade psicolóxica e emocional. Xa non hai unha Familia con maiúscula, cun patrón normativo único, pero en cambio continuamos atopando moitas unidades familiares con minúscula, formadas por persoas que creen que esta aventura aínda paga a pena e que se organizan segundo o seu leal saber e entender” (Flaquer, 1998, 204)

O REINO FAMILIAR

A familia converteuse nun mundo cheo de incertezas no que se producen accións e reaccións intensas, onde se loita, onde existen confrontacións e profundos reaxustes humanos. É unha institución aceptada, demandada e idealizada e, ao mesmo tempo, é un lugar roto por enfrontamentos interminables. Os medios de comunicación, diariamente, poñen ante os ollos as traxedias que a envolven e as tensións que a percorren constantemente e sen pausa.

A historia da familia, dende os tempos máis remotos, é unha parte esencial da his-

toria dos seres humanos. Forma parte da vida cotiá e das interioridades máis secretas dos cidadáns en xeral. Historiadores, demógrafos, antropólogos e sociólogos dirixiron as súas miradas sobre esta realidade e presentaron con minuciosidade microscópica os detalles que a constitúen. Non hai máis que se asomar ás páxinas sobre a familia europea compiladas, coordinadas e dirixidas por David I. Kertzer e Marzio Barbagli (2002, 2003, 2004) para poder comprobar a enorme masa de detalles que a foron configurando, que deron lugar ao seu desenvolvemento e realización e que formaron parte das súas transformacións e cambios. Tamén foi obxecto de atención por parte de teólogos, filósofos, políticos, intérpretes e analistas que pretenderon desentrañar o seu significado e o papel que lle corresponde.

A FAMILIA COMO INSTITUCIÓN SOCIAL

En medio de todas as alternativas, de todas as xustificacións, hai algo que, aínda que poñamos entre paréntese multitude de aspectos e de trazos, podemos manter: o modo do marco xeral de referencia. A familia, a unión conxugal, non é o produto de forzas instintivas, da natureza, de pro-

piedades ontolóxicas ou de preceptos transcendentais. Foi, en primeiro lugar e antes de nada, unha institución social.

Xa se sabe que, con esta simple mención, entramos nun campo cheo de matices, susceptible de ser interpretado de diferentes formas. Os grandes sociólogos destacaron aspectos distintos e orixinaron correntes contrapostas. Durkheim, Weber, Parsons, o institucionalismo funcional de Selznick, o neoinstitucionalismo, o enfoque da elección racional, etc., foron sinalando trazos e características que nos mostran e dan testemuño dun panorama complexo. Se temos en conta, non obstante, as propiedades máis simples, as máis sinxelas, poden presentar un escenario admisible e un punto de partida aceptable.

As institucións son realidades compostas por un conxunto de actos socialmente diferenciados e discriminados. É dicir, con elas entramos en tipos de condutas que corresponden ao dominio social en canto son unha clase de relacións interpersoais claramente distinguibles e separadas do conxunto doutras condutas humanas. As institucións funcionan, segundo a expresión dalgúns sociólogos, como un organismo regulador que canaliza uns comportamentos concretos executados polos individuos coma se fosen demandados polas súas necesidades e apetitos internos. As institucións, en xeral, proporcionan e facilitan certas maneiras de ser e de actuar. Cando o comportamento se axusta a eses patróns, cada un dos suxeitos singulares realiza os seus actos de acordo con eles sen ningunha presentación previa, senón como algo que é conveniente facer para a axeitada realización persoal.

Se nos imaxinamos, segundo se nos di Berger, 1967, 127, o que un individuo pode facer dentro do que se lles asigna ás prácticas familiares no marco dos mecanismos institucionais, podemos comprobar que as súas alternativas son susceptibles de adquirir unha gran variedade de condutas. De feito, as relacións familiares organizáronse baixo unha multitude de formas: transferindo os fillos á familia materna, conservándoos no seo dunha parella ata a maioría de idade, depositándoos, ao pouco de nacer, en organizacións asistenciais, incorporándoos ao fogar onde conviven varias esposas, rexeitándoos como proxecto de vida conxugal, adoptándoos e incorporándoos doutras familias que os xeraron, procurándoos sen necesidade de que dispoñan dun pai recoñecido, recibíndoos despois de vivir en fogares distintos, admitíndoos en familias pluriparentais, deixándoos ao coidado dun só dos seus proxenitores, etc. Cadoret comentaba, ao constatar algúns dos proxectos de familia organizados por persoas dun mesmo sexo e ao comprobar a diversidade enorme de posibilidades que hoxe se dan nas sociedades avanzadas, “se podemos ter varias figuras paternas, varias figuras maternas (como nas familias de acollida), se o pai e a nai non viven forzosamente xuntos (como no caso dos divorciados), ¿non cabe formularse a posibilidade de que exista outro tipo de vínculo de parentesco entre o home, a muller e o neno? ¿Non cabe inclinarse por outras formas de estrutura familiar, nas que o neno, aínda que naza da unión do masculino e do feminino, non viva por completo ou non viva nunca cun pai e cunha nai, senón con dúas “nais” ou

dous “pais”? (Cadoret, 2003, 15). Estas observacións e preguntas, a diversidade de situacións familiares existentes en culturas distintas e os cambios que se están experimentando en todas as sociedades desenvolvidas, fannos pensar que a familia está sometida a un proceso longo de modificación, é unha institución cuns eixes de referencia que están sendo reinterpretados e reformulados. É unha institución que, como consideran algúns analistas, se está desinstitucionalizando, reconfigurando e reconstruíndo.

Podemos limitarnos aos elementos imprescindibles e básicos, que aínda perduran no marco da nosa cultura. A familia está amparada por enlaces conxugais publicamente rexistrados, por un sistema de relacións paterno-filiais, por unha residencia directa ou indirectamente establecida e por unhas formas de parentesco definidas. Estes simples enunciados pódennos abrir as portas a un mundo complexo, un mundo susceptible de múltiples recomposicións.

ORGANIZACIÓNS FAMILIARES ANTIGAS E SISTEMAS LABORAIS

Os humanos atravesamos etapas históricas moi distintas á que agora nos toca vivir. É indubidable que todo o sistema de vida sufriu convulsións profundas. O traballo e as actividades ocupacionais formaron parte esencial dese proceso. No ano 1965 publicouse por primeira vez (despois foi obxecto de varias reedicións) unha obra de Peter Laslett dedicada ao estudo da sociedade inglesa antes e despois da chegada da industria. Análizanse aquí a

organización familiar, os tipos de traballo que desempeñan os membros que a compoñen e o posto que lle corresponde no ámbito social e político. O título é suxestivo: *The world We Have Last* –O mundo que perdemos–. Ponnos fronte a prácticas que desapareceron e que xa non se poderán recobrar. Cada momento histórico é a implantación de algo e a supresión de algo. O cambio forma parte das nosas vidas e incorporouse como un criterio de valor. ¿Como era a familia anterior á revolución industrial?

En 1619, conta Laslett, os panadeiros de Londres pedíronlles ás autoridades correspondentes un aumento do prezo do pan. A razón desta petición apoiábase no feito de que os custos da elaboración incrementáranse e facían imposible que as familias dedicadas a ese labor o puidesen continuar realizando sen provocar a súa propia ruína. As empresas que levaban a cabo estas tarefas estaban compostas por trece ou catorce persoas. Contabilizábanse entre elas: o panadeiro e a súa esposa, catro empregados pagados que eran considerados como oficiais, dous aprendices, dúas criadas e tres ou catro fillos do panadeiro. Os gastos dun establecemento semellante ascendían a seis libras e dez xilins por semana. Deste gasto, só se destinaba a salario unha pequena cantidade, once xilins e oito peniques en total. Media coroa (25 p) correspondíalle semanalmente a cada un dos oficiais e dez peniques para cada unha das serventas. O maior gasto correspondía aos alimentos. Dúas libras e nove xilins destinábanse a tal mester. Era moito máis caro alimentar un oficial que pagarlle o salario. Manter unha doncela custaba catro

veces máis que o que podía pertencerlle en concepto de salario. Os gastos ordinarios comprendían, ademais, o necesario para a adquisición de vestido e para a escolaridade dos fillos do panadeiro. A roupa estaba destinada ao panadeiro, á súa esposa, aos fillos e aos aprendices.

Toda a elaboración do pan se realizaba na casa do panadeiro. Nela podía haber unha tenda ou almacén. O pan vendíase no mercado público, ao aire libre. Pero, é de supoñer, era necesario dispoñer dun espazo para depositalo e dende o que se distribuía. A casa dispoñía, tamén, dun “taller” e forno de confección. A ela pertencía, ademais, o celeiro onde se conservaba o trigo, o carbón para o lume e unha reserva de sal.

Oficiais, aprendices, serventas, esposos e fillos comían na casa. Todos, agás os oficiais, durmían alí e abrigábanse baixo o mesmo teito, “A palabra, escribe Laslett textualmente, usada xeralmente daquela para describir a tal grupo de persoas era “family”, aínda que tamén se utiliza “household”. O home que estaba á cabeza do grupo, o empresario, o empregador ou o xefe, era chamado amo ou cabeza de familia. Era o pai dalgún dos seus membros e substituíu o pai dos restantes. Non había ningunha distinción tallante entre as súas funcións domésticas e as súas funcións económicas. A súa muller era a súa socia e a súa subordinada; socia porque ela dirixía a familia, se encargaba dos alimentos e gobernaba as mulleres serventas; subordinada porque era muller e esposa, nai e substituta da nai para o resto” (Laslett, 1987,19).

Este estudo proporciona unha visión minuciosa da vida na Inglaterra daquela época. A familia era un sistema de relacións no que se enlazaban tres grupos diferenciados. Era certa unidade composta na que interviñan, nun mesmo fogar, tres elementos distintos. Por unha parte, estaban o pai e a nai, os esposos. A súa unión duraba toda a vida. Aínda que se considerase a posibilidade de segundas nupcias, só a morte podía poñer fin ao seu enlace. Por outro lado, atopábase a unión que o pai e a nai mantiñan cos fillos. Esta relación conservábase ata que os fillos abandonaban o fogar. Considerábase que podían retornar a el, polo menos mentres non contraesen matrimonio. Finalmente, existía unha relación peculiar cos serventes. Eran membros da familia, pero non gozaban da condición de membros permanentes. Se os serventes abandonaban a casa, entón deixaban de pertencer á familia. Naturalmente, había moitas familias que carecían de serventes e, nestes casos, a familia limitábase aos proxenitores e á unión que estes mantiñan cos fillos.

Mención especial merecen os aprendices. Pasaban a formar parte da familia por un acordo entre os pais do rapaz aspirante e o que pasaría a ser o seu futuro amo. O rapaz aceptaba vivir con el durante un período de sete anos, prometía gardar os seus segredos e obedecer as súas ordes. As condicións asustarían hoxe á maioría dos fillos que conviven cos seus pais baixo un mesmo teito. Prohibíáselles frecuentar tabernas e cervexerías, non podían xogar aos dados, ás cartas nin a ningún outro xogo ilegal. Non podían contraer matrimonio nin ter relacións sexuais con ningunha

muller. Non podían ausentarse de noite sen permiso do seu amo nin podían faltarlle á lealdade e á fidelidade debida. O amo, pola súa banda, comprometéase a ensinalos con “razoable corrección” a súa arte, a súa ciencia ou a súa ocupación. O amo estaba obrigado a proporcionarlle e concederlle “comida, bebida, roupa, lavado de roupa, alimento e todo o demais durante o devandito termo de sete anos, e a darlle ao devandito aprendiz, ao final do devandito termo, dobre vestimenta, a saber, un traxe para os días festivos e un traxe para os días laborais”. As condicións dos fillos tampouco era especialmente condescendentes e benévolas. Non estaba no ánimo dos proxenitores que os seus fillos, nin sequera os fillos dos panadeiros que puidesen ter un nivel de vida, asistisen á escola durante moitos anos e un longo período. Tampouco podían quedar a xogar practicamente despois do horario escolar. Tiñan que axudar, dende unha idade temperá, nas interminables tarefas ás que a familia estaba dedicada e colaborar en todas as faenas que un fogar tan amplo leva consigo.

Hai que recoñecer que o modelo de familia representado polos panadeiros de Londres non era o modelo realmente común. Unha familia composta por trece persoas, unha familia que funcionaba como unha unidade de produción arredor da elaboración dun ben de consumo ordinario non se pode entender como a forma típica e máis corrente de organización. Naquel tempo, como se sabe pola historia, había familias moi grandes. As clases altas e a nobreza estaban rodeadas por un gran número de persoas ao seu servizo.

Sir Richard Newdigate, como se sinala, reunía na súa casa, ademais da súa esposa, sete fillas todas menores de 16 anos e 28 serventes (17 varóns e 11 mulleres). No lado oposto, atopábase a familia reducida, composta polos esposos e algúns fillos, dedicada ao cultivo do campo, que se axudaba e que colaboraba con outras familias nos momentos da recolección e nos de maior traballo.

As unidades familiares non eran a única realidade no mundo antigo. Había aldeas, cidades, gremios, igrexas, exércitos, gobernos e poderes mesturados e estendidos ao longo dos territorios históricos. De todos os xeitos, ese mundo estaba organizado nunha escala moi afastada das multitudes que hoxe poboan as grandes urbes e as concentracións humanas. Mesmo as aglomeracións que poden parecer de grandes dimensións, as agrupacións que nos poden chamar a atención, son diminutas ao lado dos espectadores que hoxe acoden aos estadios de fútbol nas competicións máis sinaladas. O exército de Cromwell conseguiu reunir entre 26.000 e 27.000 homes. Era, naquel tempo, unha aglomeración infrecuente. “A vida institucional era... case descoñecida. Non había hoteis, albergues ou bloques de pisos para persoas soas, moi poucos hospitais e ningún do xénero co que estamos familiarizados; eran pouquísimos os homes ou mulleres que vivían sós. A unidade familiar na que vivía a gran maioría era o que, indubidablemente, chamariamos un grupo “equilibrado” e “san” (Laslett, 1987, 30).

Non hai que pensar, non obstante, que o mundo familiar era un paraíso, que era o

reino da harmonía, da bondade, da comprensión, da solidariedade e da afectividade positiva. Estaba, como non podía ser doutro xeito, percorrido e ameazado pola envexa, polos celos, pola desconfianza, polo despotismo, pola imposición e por perigos de todo tipo. Aquel mundo, que se consideraba inamovible, ao que os seus protagonistas lle outorgaban o valor dunha organización inalterable, foi borrado e eliminado das sociedades desenvolvidas. Non era un mundo perfecto. Ningún mundo o pode ser. Calquera mundo, para ser como realmente é, ten que ser limitado e, en consecuencia, susceptible de superación. Este é o criterio que hoxe percorre as nosas actitudes e o que determina o noso modo de vida. Sexan cales sexan as metas conquistadas, sempre poderán ser melloradas, cambiadas e perfeccionadas. Esta actitude converteuse nun modo de sentir a realidade e nun modo de ser. O cambio non nos afecta como un estado pasaxeiro, é, máis ben, un trazo ontolóxico que nos sitúa dun xeito especial ante as cousas existentes e ante a natureza. A familia non é allea a esta disposición xeral. É máis, a familia é vivida e sentida como unha institución que está sometida a modificacións profundas, como algo que debe ser creado con cada novo enlace, con cada novo proxecto de vida compartida. “A famille, decía M. Perrot, est en elle-même un lieu d ‘échanges” (Perrot, 1997, 97).

PLURALIDADE DE FÓRMULAS E ORGANIZACIÓNS

O modelo de familia antiga que se desenvolveu en Gran Bretaña, a organización do traballo e a estrutura dos fogares

que alí tiveron lugar non son os únicos que existiron nin os únicos que serviron de exemplo institucional. Os pobos de Europa, por referirnos á parte do mundo que nos é máis próxima, coñeceron unha gran diversidade de formas e unha pluralidade de alternativas.

Karl Kaser describiu a relación do traballo coa estrutura dos fogares en Europa, sobre todo en Europa Oriental, ofrecéndonos gran variedade de detalles. Nas zonas nas que estivo vixente a *Hufenverfassung* (a *Hufe* era unha parcela de terra que se entregaba aos campesiños para o seu cultivo) resultaba moi difícil ampliar as terras do fogar. Ademais, esta parcela era orixinalmente indivisible. Variaba de acordo coas rexións e as zonas. Era suficiente para manter a familia e constituía a base dos tributos e servizos que deberían pagarse ao propietario. De acordo con estas circunstancias, era necesario manter un equilibrio demográfico e humano rigoroso e firme. A familia típica que podía sobrevivir nun réxime destas condicións era a familia nuclear capaz de manter un control sobre os descendentes. Non sempre a parcela que servía de sustento para a familia era herdada. “A posibilidade de recibir en herdanza unha parcela de terra, segundo chegou a ser acordado polas partes, baseábase no principio de unixenitura”. A parcela, de acordo con este principio, podía pasar dunha xeración a outra coa condición de manter o rigor da transmisión, é dicir, de asegurar que non ía ser distribuída entre moitos aspirantes á propiedade. Por outra banda, non se podía contraer matrimonio ata que non se tomase posesión da parcela correspondente. Os matrimonios, debido a

esta circunstancia, eran máis ben tardíos. Tropezaban, para a súa constitución e para a procreación, coas dificultades que acompañaban a adquisición do medio co que podían subsistir e manterse.

Cando se necesitaba man de obra para realizar as tarefas que a explotación da parcela requiría, recorriase a unha figura que chegaría a ser típica para moitas vilas e rexións. Acudíase aos xornaleiros. Aínda forman parte da man de obra en zonas agrícolas coñecidas.

En Europa oriental, non obstante, a organización do traballo e do fogar son totalmente distintas. O traballo que se pode facer está determinado polo número de membros que poden traballar. Nesta parte de Europa, é posible aumentar as propiedades, cambialas e melloralas. Un xeito de acrecentar as terras de cultivo consistía na tala de bosques. Non obstante, non era a terra o que escaseaba. Nestes lugares había grandes extensións moi pouco poboadas. A estrutura da familia, en consecuencia, era distinta daquelas partes nas que se impuxera a “parcelía”. “No sistema de organización do traballo, comenta Kaser, non existían elementos flexibles como os criados e as criadas e tampouco encaixarían na estrutura xeral, na que os homes eran os propietarios colectivos e igualitarios das propiedades que se transmitían por liña paterna. Posto que estaban vinculados á terra, non tería sentido que renunciásemos á súa parte na repartición da propiedade. As fillas tiñan que casar e, ao facelo, reforzaban os fogares dos seus maridos cos seus traballos. O feito de que os homes permanecesen na propiedade

que lles fora transferida polos seus antepasados durante xeracións dáballes consistencia á idea patrilineal. Aquí pódese ver un dos factores decisivos na promoción dos enlaces matrimoniais temperáns. Dados os altos índices de mortalidade xeral e os aínda máis altos de mortalidade infantil, era socialmente útil iniciar a reprodución na xuventude, o que explica os fenómenos de matrimonio universal e a temperá idade dos enlaces matrimoniais nos fogares de Europa oriental” (Kaser, 2002, 111-112).

Mendras reproducíu un mapa da distribución que se lles podía asignar aos distintos modelos de familia nas diferentes partes de Europa. As familias indivisas, as familias troncais, as nucleares igualitarias e as nucleares absolutas distribúense de xeito desigual polas vilas que configuran a realidade europea. A familia troncal, por exemplo, coñece a súa forma máis perfecta nas dúas vertentes dos Pirineos, no sueste de Francia e en Cataluña. Adquire unha modalidade máis atenuada noutros países. Esta configuración menos radical esténdese por Alemaña, Austria, Eslovenia e Venecia. A familia igualitaria difúndese polo norte e o leste de Francia, Piamonte e Lombardía, o Mezzogiorno e unha parte do Sur de España. Ata o século XVII, a familia indivisa reinaba na parte central de Francia e no centro de Italia. A súa forma máis perfecta atópase en Eslovaquia, Croacia e Servia, etc. “Os etnólogos e os demógrafos describiron a extraordinaria variedade de solucións que as sociedades campesiñas inventaron para obter terras e liñaxes” (Mendras, 1999, 117). O mesmo, con maior razón, se pode afirmar do mundo contemporáneo. Modificáronse todas as

condicións de vida, todo o sistema de produción e a orde de realización. As familias responderán modificando tamén a súa estrutura e o seu funcionamento interno.

A familia antiga, mesmo a familia protoindustrial, que tanto contribuíu á proletarización da man de obra rural, malia as distintas modalidades que pode adoptar e as diferenzas de organización interna, dispón de trazos que a separan das formas que caracterizan as familias modernas. Sobre todo, é necesario destacar o feito de que o traballo produtivo tende a se realizar no ámbito doméstico e todos os membros da familia interveñen como un único suxeito de atribución e de remuneración. Ás veces, as formas mestúranse. Pero a liña que separa o mundo moderno do antigo cífrase na progresiva deterioración do control e da hexemonía do fogar como núcleo de referencia primordial, como unidade económica fundamental e básica, como instrumento regulador da actividade, da vida e dos costumes en xeral (Godoy, 2001, 130) (Vide. Kertzer, 2003, 128).

Estas sinxelas referencias sérvennos para poder formular algúns criterios sobre a familia e a súa evolución. A familia non é o resultado de meros instintos naturais, nin de forzas conxénitas. Tampouco é froito de propostas unilaterais procedentes do campo político e social. É, máis ben, unha solución atopada a unha multitude de problemas, consolidada en función de situacións materiais e culturais complexas. O home atopou nela un complemento imprescindible para sobrevivir e perpetuarse, un refuxio no que se gocecer e se repoñer da loita implacable co medio, un

lugar onde nacer e crecer, unha fonte de axuda ante a dor, a enfermidade e a fraxilidade da vida, unha colaboración para afirmarse e establecerse no tumulto das corporacións que o envolven, unha organización a través da cal realizarse e compartir un espazo propio e íntimo fronte ao externo e ás súas ameazas. Pero esta realidade, a familia como figura institucional representa e é unha estrutura flexible. Non sempre responde positivamente ao que dela se demanda persoal e socialmente. E, dende logo, está sometida a forzas culturais de moi diversa índole. O traballo necesario para mantela e conservala, o traballo en canto actividade encamiñada á produción e á obtención dos medios necesarios para sobrevivir, en canto ocupación dos protagonistas familiares é unha esfera imprescindible para entender a súa situación actual, o seu desenvolvemento e o destino que puiden asumir.

TRABALLO E FAMILIA

“A gran distinción, escribía Amando de Miguel, entre a orde tradicional e a da actual sociedade complexa pasa pola diferente, e aínda oposta, consideración do traballo e, polo tanto, do ocio” (Miguel, 2001, 177). Nada de canto está a acontecer na orde familiar, sen dúbida tamén noutros ámbitos, pode ser explicado sen ter en conta o significado do traballo. Os cambios son tan profundos que todo o que foi interpretado como sociedades avanzadas, sociedades postindustriais, sociedades do futuro, culturas prefigurativas e culturas posmodernas, está esencialmente conectado co traballo e coas súas modalidades. Nada

pode ser axeitadamente descifrado e analizado se non se teñen en conta os novos trazos que o definen, o impacto que produce na organización da vida persoal, o que demanda e proporciona, o que esixe e o que outorga. Cando se produciu unha convulsión laboral, inmediatamente estalou unha revolución social e familiar. A historia recente, e a non tan próxima, ofrécenos testemuños interminables. Todo o impacto do marxismo e o que pode representar xermolou do sentido que se lle outorgaba ao traballo e do papel que debería desempeñar no mundo social. A familia antiga estaba organizada en función das ocupacións laborais e dos medios necesarios para garantir a subsistencia. A de agora, como non podía ser doutro xeito, tamén depende radicalmente desas condicións e das circunstancias que as acompañan. Pero transformáronse profundamente os mecanismos para conseguilo e, en consecuencia, modificouse toda a estrutura familiar.

É certo que na actual situación da familia, como é de todos sabido, influíron outras moitas cousas. A posibilidade de controlar a natalidade, a opción de fertilización sen necesidade de recorrer a un pai biolóxico coñecido, o aumento das expectativas de vida, a autonomía e independencia profesional e o acceso universal á educación, a facilidade social para instaurar distintas formas de convivencia, etc., constitúen un marco amplísimo de alternativas que instauran a pluralidade como valor e criterio das relacións interpersoais.

O traballo, non obstante, ademais de todas as circunstancias engadidas, pasou a ocupar un lugar privilexiado no campo das

preferencias, das valoracións colectivas, do prestixio individual e da identificación persoal. Non sempre foi así. “Cabe recoñecer, escribía Flaquer, que no noso tempo a cotización do traballo se elevou notablemente. A titularidade dun emprego permite trazar a fronteira entre os que viven ben e os que viven mal. Así, estar ocioso non está ben visto na nosa sociedade como o foi na de antano. A folganza do señorito ou do rendista, que era o máximo signo externo de prestixio nas sociedades baseadas na propiedade da terra, está sendo substituída na actualidade como indicador de status pola sobreocupación do executivo ou o atafego do político” (Flaquer, 1999, 58).

O traballo intervén directamente na organización da vida familiar e na disposición de todos os seus membros. Na actualidade modificáronse as notas que o definen e a natureza que se lle atribúe. Weber, Hannah Arendt, Andre Gorz, Goldthorpe, entre outros moitos, fóronnos describindo o que significa o traballo no presente, as utopías e distopías que arredor del se foron tecendo.

Foi interpretado, como é sabido, dende puntos de vista moi distintos. Tantos, que resulta moi difícil atopar elementos e lazos comúns. Como simple recordatorio, co fin de abrir o abano de significados nos que se move esta dimensión esencial do home, pódense recordar algunhas concepcións peculiares. Marx, por exemplo, como se recorda en todos os manuais, considera que o traballo é “calquera actividade física ou mental que transforma materiais nunha forma máis útil, prové ou distribúe bens ou servizos aos

demais e estende o coñecemento e o saber humano”. Antes de referilo á remuneración, ao ambiente no que se realiza ou ás condicións de execución, o traballo defínese pola transformación á que somete o mundo e polos servizos que presta. Esta peculiaridade distingue o home do resto dos seres que habitan a terra. Converter os materiais en bens útiles dun xeito sistemático e constante é elevar as cousas a un rango novo e máis valioso do que poden ter en virtude da súa simple existencia física.

Raymond Ruyer, no seu estudo *Metaphysique du travail*, chega a identificar o traballo coa liberdade. Traballar, considera, é elixir medios de distinta condición para conseguir fins, que tamén son propostos polo suxeito que traballa. Esta función significa propiamente desenvolver actos de liberdade e poñelos en exercicio. O traballo humano, grazas a esta peculiaridade, diferénciase do traballo que fai unha máquina e do traballo animal. Ademais, unha característica semellante outórgalle ao traballo unha dimensión axiolóxica. É dicir, é unha actividade que implica criterios de valor e que tende, pola súa propia natureza, á execución de valores. Por outro lado, ao orientarse cara á posta na realidade de algo que aínda non existía, sèrvelle ao ser humano de terapia, de constante superación da nada que ameaza sempre con devorar a súa existencia.

Para Jaspers, o traballo é unha propiedade esencial do home pola cal está ligado ao proceso de humanización do mundo e do propio ser humano. Intervén na transformación das cousas e fai delas algo apropiado para a vida e para a existencia en

xeral. Pero non se limita simplemente a facer habitable o mundo. Fai do mundo algo intrinsecamente humano, non só algo do home.

Na actualidade, o traballo desprendeuse de moitas características clásicas, distanciou se da explotación da terra e da mera consecución de alimentos, separouse das súas connotacións ontolóxicas e relixiosas. Emerxe, para unha gran multitude de persoas, no círculo de actividades remuneradas grazas ás cales os seres humanos se instalan, sen necesidade de recorrer á familia nin a ningunha outra instancia inmanente ou transcendente, na orde social e no desenvolvemento persoal.

Polo que respecta ao mundo dos suxeitos particulares e ao da familia á que aspiran, hai que sinalar, polo menos, cinco aspectos que o converten nun catalizador das súas transformacións máis profundas.

1. O traballo moderno organízase, planifícase e regúlase, con moita frecuencia, fóra dos dominios dos que o executan. Está vinculado a un grupo de expertos, técnicos e persoal directivo que establece o que debe facerse, como hai que facelo e baixo que condicións ha de levarse a cabo. Os mesmos directivos, que interveñen como persoal cualificado e contratado, réxense por criterios de racionalidade económica e sométense a rigorosos controis de calidade e excelencia. Cando os que interveñen, como é o caso das pequenas empresas, son os seus propietarios, o traballo transcríbese a criterios contables, a fórmulas de rendibilidade, a resultados e a normas de eficacia co fin de poder competir e garantir a permanencia ocupacional

das persoas. O grao de autonomía dos que interveñen nos procesos está limitado pola planificación. Móvense dentro de marxes previamente establecidas. Os propietarios dos medios teñen que delegar, case sempre, o deseño dos produtos e a xestión dos procesos en cadros especializados. O empregador é, con moita frecuencia, un ente anónimo. Os que seleccionan as persoas non son os que lles dan traballo. E os que lles dan traballo non aparecen na execución. Como máximo Weber describiu este círculo con especial minuciosidade e detalle. De todos os xeitos, este primeiro paso foi interpretado, aplicado e implantado dende distintas concepcións, dende formas diferentes de esixir o cumprimento duns mecanismos ou outros de actividade. É de todos coñecida a “organización científica do traballo” proposta por Frederick Taylor, “que se orientaba, menciona Bauman, a desvincular o rendemento produtivo dos motivos e sentimentos dos produtores. Era preciso someter os produtores ao ritmo impersoal da máquina, que establecería a cadencia do movemento e determinaría calquera operación; non había que deixar espazo ningún, nin era necesario reservalo, para a discreción e elección persoais. Era preciso reducir a un mínimo o papel da iniciativa, da dedicación e da cooperación, mesmo das “habilidades vivas” dos operarios (que era preferible transferirle á máquina). A optimización e a rutinización do proceso de produción, a impersonalidade da relación obreiro-máquina, a eliminación de todas as dimensións do rol produtivo alleas ás tarefas produtivas establecidas e a homoxeneidade resultante das accións dos traballadores

combináronse co contrapunto exacto do ámbito comunal no que se inscribía o traballo preindustrial” (Bauman, 2003, 43-44). No lado oposto atópanse as orientacións de Elton Mayo, preocupado por lle devolver ao traballo un rostro atraente, amable e acolledor. Os xestores e capataces non eran seres indiferentes á situación persoal dos traballadores. Cada un deles é suxeito de atención e cada un deles achega a súa parte imprescindible ao proceso da acción produtiva. En calquera caso, desaparecidos os vellos controis procedentes das comunidades inmediatas, o traballo comezou a organizarse recorrendo ao poder da razón e aos controis que a xestión ordinaria descubrira como máis eficaces e válidos. O traballo orquestrábase e compoñíase en atención a criterios para os que os suxeitos singulares eran pezas máis ou menos significativas, máis ou menos irrepitibles e únicas, máis ou menos acordes ou discordantes, pero, á fin e ao cabo, elementos dunha orde máis ampla que era necesario refacer e reconstruír.

2. O traballo saíu da intimidade familiar, do espazo doméstico. Instálase en lugares apropiados e en espazos que non interfirían na convivencia directa. Os fogares estreitaron as súas dimensións, reducíronse e expulsaron do seu recinto as actividades coas que os cidadáns gañan a vida. A posibilidade actual de devolver ao medio familiar algunhas ocupacións non deixa de adoptar un indubidable estrañamento con respecto á vida íntima. As respostas axeitadas ás demandas esixen un illamento operativo e unha desvinculación dos apuros inmediatos.

Os pais de familia convertéronse en asalariados, en persoas que dependen doutros para lograr un beneficio imprescindible e que ven como o que realizan se traduce nunha remuneración concreta. Este feito, como xa se indicou dende a Escola Crítica de Frankfurt, apéaos da categoría de pais no vello sentido do termo. Desalóxaos das súas casas e trasládaos a outro mundo no que aceptan e se moven dentro do territorio que lles foi marcado. Os fillos, comenta Flaquer, “xa non podían identificarse con el como produtor, xa que desenvolvía o seu traballo fóra do fogar e por conta allea, a diferenza do que sucedía na familia campesiña e artesá tradicional. Hai que ter presente que, mesmo no caso dos xornaleiros e dos primeiros obreiros industriais, pais e fillos traballaban xuntos no campo ou nas manufacturas. Iso supón a desposesión do pai dos seus medios de produción, co cal a base da súa autoridade queda erosionada” (Flaquer, 1999, 80).

3. A cualificación debe adquirirse en centros especializados, fóra das familias e nun réxime especial de intervención. Os oficios co seu acompañamento de aprendices, cos seus requirimentos domiciliarios foron borrados da face da terra. As destrezas necesarias para desempeñar moitos traballos esixen un alto grao de especialización, unha dotación instrumental imposible de conseguir a través dos recursos domiciliarios. É impensable a súa instalación nas dependencias dos fogares urbanos, reducidos ás mínimas expresións de habitabilidade. Por outro lado, as innovacións tecnolóxicas, renovadas sen parar, obrigan a deseñar centros capaces de asimilalas con rapi-

dez e de impartilas. O mundo antigo xa non poderá ser recuperado.

4. O traballo pertenceltes aos seres singulares que o realizan. Aínda que se produza no seo de grandes corporacións, o traballo está individualizado. É dicir, realízase a través de unidades discretas capaces de ser ensambladas de distintas maneiras en unidades máis amplas. O trazo máis destacado da singularidade realízase mediante a asignación persoal do salario e da remuneración. Cada un percíbese como suxeito concreto de remuneración e preséntase como a causa e o destinatario do seu soldo. O traballo non se deixa en herdanza. O exemplo máis destacado atópase no exercicio profesional. A especialización ten que ser conquistada por cada un, non se delega.

5. A característica máis sinalada do traballo moderno é a incorporación da muller a todos os niveis da súa implantación e execución. Este feito representa unha revolución sen precedentes. As actitudes, as expectativas, os papeis clásicos e a tradicional división de funcións e tarefas van sendo radicalmente transformados. O feito de que a muller gañe un soldo introduce no fogar unha lóxica relacional nova. Non hai privilexios. O cabeza de familia ten que se desprender da auréola que lle podía proporcionar ser o único provedor de recursos para vivir. En último termo, visto dende a óptica do abastecemento, xa non é imprescindible. As mulleres que teñen un traballo pasaron, en España, dun 18% en 1970 a un 37% en 1997. A taxa media de ocupación feminina en Europa alcanzaba en 1994 o 44%. Inés Alberdi,

que recolle estes datos, comentaba o aspecto máis singular desta evolución. A súa peculiaridade radica no cambio que se produciu no significado do traballo para a muller e na importancia que desempeña nas súas condutas. “O traballo estrutura a súa vida, é o que lles dá o perfil social de si mesmas, é nel onde buscan a súa auto-identificación máis que nas súas situacións familiares ou de parella. O traballo ten unha valoración positiva e iso reflíctese ata nos seus aspectos difíciles: os horarios, a disciplina ou o pagamento de impostos, que as mulleres aceptan cada vez máis positivamente” (Alberdi, 1999, 233).

Estes feitos, non cabe dúbida, transformaron toda a estrutura da familia antiga, modificaron as posicións persoais, as relacións que deben manterse no fogar e os xuízos en función dos cales debe crearse unha familia ou debe defenderse o seu desenvolvemento e promoción.

SITUACIÓNS E TENDENCIAS

O traballo e as funcións que desempeña en todas as ordes da vida afecta, dicíamnos, as familias, a sociedade e os individuos concretos tomados na súa singularidade persoal e no seu significado grupal. Non só constitúe un dos fundamentos dos procesos de desenvolvemento económico, senón que é un factor de integración social, un signo das posicións relativas duns con respecto a outros, un criterio de status e un indicador das preferencias e das aspiracións subxectivas.

En setembro do 2003, o Centro de Investigacións Sociolóxicas publicaba

unha enquisa presentada por M^a Jesús Campo Ladero co título: *Relacións interpersoais: valores e actitudes dos españois no novo milenio*. O traballo é un dos varios aspectos que aquí se someten a avaliación. É considerado como un dos elementos máis valiosos na vida dos españois. Está colocado detrás da saúde e da familia, pero diante dos amigos, do confort, da relixión e da política. Para descubrir o sentido que introduce nas nosas vidas, non obstante, convén sinalar os trazos da súa realización e cumprimento que chegan a ser primordialmente destacados e preferidos. Conseguiremos, así, un sinal do rumbo que están a tomar as vidas das persoas coas que nos atopamos no discorrer diario da nosa existencia.

Cando se lles pregunta aos españois polos aspectos do traballo que para eles teñen máis valor, as contestacións seguen a seguinte orientación: o 52,8% prefire, en primeiro lugar, un bo salario; o 29,3% inclínase por atopar no traballo compañeiros agradables; o 19,4% sinala a seguridade; un 16,8% destaca do traballo o feito de que permita desenvolver os coñecementos propios; o 16,1% selecciona o tempo de traballo e coloca un bo horario antes de nada. A partir de aquí dáse a seguinte orde de prelación: traballo interesante, 11,25%; non excesiva presión, 9,9%; oportunidade de ter iniciativas, 7,5%; traballo socialmente respectado, 7,5%; responsabilidade, 6,7%; contacto co público, 6,5%; posibilidade de promoción, 4,9%; utilidade social, 4,5%; vacacións xenerosas, 1,9%. As contestacións non suman cen porque se fixeron preguntas de resposta múltiple. Os enquisados elixiron os distintos aspectos do tra-

ballo seleccionando cada un dos dous que consideraban máis importantes. Obsérvanse diferenzas notables tendo en conta os segmentos de poboación e as variables de xénero. As mulleres outórganlles maior importancia ás condicións concretas do posto de traballo e ao ambiente laboral (CIS, 2003, 112-113). Se, como fan os enquisadores, se entende o salario como criterio mediante o cal se garante a adquisición do necesario para sobrevivir, para alimentarse, vestirse, gozarse e relacionarse, entón, as dúas variables que definen a orientación do traballo son a subsistencia e a seguridade. O resto das condicións, fronte a estas, están en clara desvantaxe. A utilidade social, a responsabilidade, a oportunidade de ter iniciativas, ocupan postos moi baixos na escala das preferencias.

Non é necesario deterse nas repercusións sociais e familiares que ten o predominio do compoñente salarial do traballo. É certo que o salario, na actualidade, é un requisito esencial do traballo. Constitúe, para moitas persoas, a razón dos seus esforzos e a xustificación da actividade que realizan. É dicir, todos os investigadores insisten en que, hoxe, se non existe salario, non existe traballo propiamente dito.

Non sempre foi así. O traballo, durante séculos, estaba directamente asociado ao esforzo encamiñado á explotación da terra, á consecución de alimentos e ao desenvolvemento dos elementos necesarios para o benestar e a conservación da vida. Pero esta forma de considerar a actividade humana pasou a chamarse labor, coidado, hixiene, atención persoal, dedicación e conservación do goar, etc.

O tema non conclúe aquí. Déronse outras moitas interpretacións e chegouse a desenvolver unha intensa política do traballo, un ordenamento xurídico deste e unha teoloxía que se incorporou ás correntes máis destacadas da reivindicación social. O traballo, non obstante, na actualidade, segundo se observa na enquisa mencionada e de acordo con multitude de datos sociolóxicos, está asociado, en primeiro lugar, ao salario e á súa rendibilidade económica. Non obstante, o traballo acompáñase dunha serie de circunstancias e de factores que forman parte da súa execución e desenvolvemento. Existe unha escala enorme de actividades que se recollen baixo a categoría de traballo. Algunhas gozan de gran prestixio social. Outras, sitúanse nun nivel baixo e pouco apreciado. Mesmo se pode dicir que hai moitas que roldan o rexeitamento, o desmerecemento e a falta total de consideración social. Loitar polo traballo é loitar por un lugar na orde da convivencia. Os membros da familia poden sentirse orgullosos, dignificados e exaltados co traballo do pai ou da nai. Poden verse tamén, por esta mesma causa, como rexeitados, humillados ou desfavorablemente acollidos. Cando se selecciona en primeiro lugar o salario do traballo, a súa remuneración efectiva, o que socialmente pode significar en termos de posición na escala de valores, entón, é que todo o demais que é considerado como digno de aprecio estará medido esencialmente polo salario e pola rendibilidade. O aprecio ou o desprezo someterase, basicamente, a ese factor. Deste modo, a exhibición social do poder adquisitivo pasará a ser un indicador destacado e, ás veces,

único. A ostentación converterase no sinal do valor persoal e da categoría social que lle corresponde. Cando Inglehart, por exemplo, fala dos valores posmateriais como tendencia das civilizacións modernas, está a falar de algo moi distinto do que aos españois, vistas estas enquisas, os preocupa e os impulsa a traballar.

¿Que acontece coa familia? ¿Que é o que se considera que contribúe a lle dar estabilidade, consistencia e felicidade a un matrimonio? Resulta curioso constatar as respostas que se ofrecen e ver as posicións que adoptan os membros que están directamente implicados nesa forma de relación. O 98,7% considera que o que máis contribúe a facer feliz un matrimonio é “o respecto e o cariño mutuo”; o 98,3%, o “entendemento e a tolerancia”; o 98,0%, a fidelidade; o 93,1%, unha relación sexual satisfactoria; o 89,3%, ter gustos e intereses comúns; o 81,3%, os ingresos axeitados; o 81,1%, ter fillos; o 76,7%, compartir as tarefas domésticas; o 66,3%, ter unha boa vivenda; o 63,1%, non vivir coa familia política; o 43,8%, ser do mesmo nivel social; o 43,4%, compartir crenzas relixiosas; o 24,7%, compartir posicións políticas.

Aprécianse variacións e cambios interesantes de acordo coas variables sociodemográficas. Entre os máis novos, por exemplo, decrece dun xeito considerable a importancia que se outorga a “ter fillos e á uniformidade valorativa entre os membros da parella como factor de éxito na relación conxugal, mentres que aumenta a valoración positiva asignada a “compartir as tarefas domésticas” e a “ter unha relación sexual satisfactoria”. Para eles, o centro

básico da institución familiar son os membros da parella e a relación persoal que manteñen” (CIS, 2003, 51-52).

Non poucas cousas resultan rechañantes desta enquisa. Son sorprendentes non só as respostas e os elementos que se elixen, senón o feito de que os enquisadores propoñan unha gama de alternativas en lugar doutras. Pódese destacar, poñamos por caso, que desapareceu a referencia ao amor e á relación amorosa entre os cónxuxes. O termo “amor” foi substituído por outros que o traducen a factores como o “respecto e o cariño mutuo” ou a as “relacións sexuais satisfactorias”. A verdade é que a vida enteira das persoas está posta en xogo. O amor ao que se refería Hegel implicaba unha unidade grazas á cal os seres humanos pasaban a ser membros dunha relación en lugar de ser persoas ou suxeitos individuais. Este feito está revestido dunha enorme transcendencia. Tamén é certo, como se recordou nestas páxinas, que non sempre foi entendido dese xeito. O caso é que o amor, nestes momentos, pasou a ser un aspecto desbotado, esquecido. Esta circunstancia pódese acompañar dun comentario feito por Amando de Miguel: “Hai un século, os españois dispoñíanse á aventura amorosa cos recursos que aprenderan na literatura, sobre todo no teatro, que entón era tan popular como os touros. Por esa razón, os usos amatorios eran un tanto afectados, retóricos. O amor imaxinado estaba fóra do matrimonio. “Facer o amor” era cortexar con belas palabras. Hoxe temos un parentesco parecido. Os usos amatorios que practican os españois víronos nas películas, cada vez máis na televisión. A novidade fundamen-

tal é que os amantes poden selo sen apenas coñecerse, como sucede, curiosamente, na prostitución. Hoxe “facer o amor” é o coito ou a súa aparencia de tal, sen moito parolar, coa fugacidade dos primates” (Amando de Miguel, 2001, 44). A substitución do amor por outros termos, vistas as cousas deste modo, indica que foi reducido a prácticas moito máis directas e significativas... O mesmo autor recórdanos un texto de Pedro Gotor de Burbáguena, do ano 1900, no que se recoñece que “afortunadamente o amor é o móbil menos frecuente dos matrimonios”. Esta afirmación está enlazada coa observación segundo a cal “o aumento dos divorcios foi a paradoxal consecuencia dos matrimonios por amor”. O cambio duns termos por outros representa, en consecuencia, unha modificación das forzas que regulan as nosas vidas, que acompañan as nosas decisións e animan o sentido. Non son substitucións inocentes e neutrais. Sen necesidade de recorrer ás interpretacións freudianas ou a outras similares, é indubidable que cando substituímos un termo por outro estamos a destacar certos aspectos, fenómenos e propiedades, fronte a outros, estamos a acentuar algo que comeza a ser preferido.

O espectáculo resulta fascinante. O que nalgúns momentos da historia foi aceptado con gran exaltación de ánimo, con aplauso e beneplácito, de pronto afúndese nun conxunto de prácticas triviais. Os cánticos de corte místico que se entoaron arredor da fermosura e permanencia dos seres aos que se rendía o amor resultaron ser produto de fantasías infantís e de fantasías imaxinativas. Todo ese mundo desapareceu do horizonte dunhas vidas preocupa-

das por alcanzar algunhas satisfaccións coas que se sobrepoñer ao paso do tempo e entregadas á loita diaria por manter a identidade propia. O amor resultou ser un lazo demasiado fráxil e limitado, un lazo enganoso, mediatizado pola sedución e por unha escenificación momentánea, máis ou menos aparatosa, máis ou menos rechamante, pero mediatizada sempre pola interdependencia e polo desexo de posuír ou de deixarse posuír. ¿Que é o que o substituíu? ¿Por que outros sentimentos foi cambiado?

Na enquisa destacou, como elección preferida polos españois, como aquilo que máis contribúe á felicidade e á estabilidade do matrimonio, “o respecto e o cariño mutuo”. O 98,7% dos enquisados inclinábase por esta opción. Este xiro, aparentemente inofensivo, significa un xiro do que un debe significar para o outro. Non é un xogo. O termo “respecto” alude a un entronzamento do outro como persoa, como suxeito e como individuo singular. Sennet iniciaba o seu libro sobre o significado do respecto no noso mundo con estas palabras: “A falta de respecto, aínda que menos agresiva que un insulto directo, pode adoptar unha forma igualmente ferinte. Coa falta de respecto non se insulta outra persoa, pero tampouco se lle concede recoñecemento, simplemente non se ve como un ser humano integral cuxa presenza importa.

Cando a sociedade trata deste xeito as masas e só destaca un pequeno número de individuos como obxecto de recoñecemento, a consecuencia é a escaseza de respecto, coma se non houberse suficiente cantidade desta substancia para todos. Ao

igual que moitas fames, esta escaseza é obra humana; a diferenza do alimento, o respecto non custa nada. Entón, ¿por que habería de escasear?” (Sennet, 2003, 17).

Aquí está o segredo. Os homes e as mulleres de hoxe non consideran que a súa felicidade presente ou futura está na entrega recíproca, na posesión duns por outros ou na mera doazón amorosa. Máis ben sospeitan que un bo entendemento ten que pasar por un mutuo recoñecemento. É dicir, por unha actitude, un sentimento e unha aceptación do outro como un ser valioso por si mesmo e pola súa pura individualidade. A persoa coa que se comprometen a convivir non é un ben instrumental nin un valor de intermediación nin un recurso para lograr algún fin. Habermas consideraba que o recoñecemento dos demais significaba respecto ás opinións daqueles cuxos intereses os levan a manter posicións distintas, discrepancias. Respecto, baixo esta perspectiva, significa estar disposto a convivir cos que manteñen opinións distintas ás nosas polo feito de que ser persoa significa ser capaces de pensar e de querer algo que outros non pensan ou non chegan a querer. Esta relación non é doada. Ten un límite, como todos poden sospeitar. Chega un momento en que a discrepancia pode alcanzar un grao a partir do cal se desencadea o desencontro. O respecto representa unha loita polo equilibrio e polo mantemento da mutua aceptación. A unión familiar revístese dun acordo segundo o cal ningún dos membros pretende anular o outro nin usurpar a súa liberdade nin facer que decaia do seu propio pensamento. A individualidade implántase no centro da convivencia. Con-

vértese a individualidade nun valor de intercambio. A outra persoa coa que se establecen relacións estables, coa que se contrae o matrimonio, non é vista, dende a perspectiva do respecto, como alguén que necesita entregarse como complemento doutra vida nin necesita doutra persoa como complemento da propia. Sinxelamente, é alguén enteiro, con problemas probablemente, con dificultades, con preocupacións e ansiedades, con gustos e preferencias, alguén que sente a súa vida como un proxecto que non remata de pecharse, pero non é alguén que borra parte de si mesmo para incorporar nese oco outra persoa coa que convivir. Non é estraño que desapareceran do matrimonio termos que poidan implicar “arobo”, embeleso, ofuscación ou formas de absorción e limitación dun mesmo.

Os lazos que agora se exhiben como condición da familia fan referencia aos sentimentos, aos afectos, ao cariño, ao apego, á dilección ou querencia e a outros matices que aluden sempre ao sentimento dunha persoa cara a outra mediante o cal se desexa o seu ben, experimentase alegría ou tristura polo que é bo ou malo para ela e polo que se desexa a súa compañía. O cariño é un sentimento delicado. Non adquire tonalidades fortes, esgazadoras. Esténdense ás persoas e ás cousas como unha atmosfera acolledora, como unha néboa ou unha luz amortecida que conmove os que a comparten. Trátamos con cariño, díselles a alguén a quen se lle confiaron obxectos ou persoas polas que se sente aprecio e para os que se desexa que sexan conservados sen quebranto. Non é un sentimento brusco. “Unha emoción intensa e

duradeira, comentaba Castilla del Pino, sería destrutiva” (Castilla del Pino, 2000, 171). Por iso os enquisadores e os enquisados recorren a elementos tenues, a factores que admiten multitude de gamas e que, en calquera caso, manteñen íntegros aos que se lles dedican.

O modelo de familia deseñado cos requisitos do respecto e do cariño é un modelo que fai posible o traballo, a execución do traballo tal como hoxe se planifica e se demanda. Quen traballa é un suxeito singular, un individuo responsable, un ser capaz, que recibe pola súa actividade un salario e unha remuneración. Esta singularidade é a que foi radicalmente instaurada e é a que demanda para ela unha situación familiar acorde e congruente.

LOITAS E PROBLEMAS

Os inconvenientes, non obstante, para conseguir un equilibrio entre o que o traballo esixe na actualidade e o que a organización familiar reclama son moitos e de non pouca importancia. Entre outras cousas, independentemente dos factores externos que poden caer estrepitosamente sobre calquera situación, as dificultades axegan hoxe as persoas porque as ataduras que as manteñen unidas son quebradizas e provocan insatisfaccións e penalidades sen conto e porque o cumprimento das demandas que proceden do traballo e da familia tropezan, con frecuencia, con contradicións insuperables.

Estel Huguet recolleu unha serie de testemuños, principalmente de mulleres traballadoras cualificadas, que nos devolven á

dura realidade da vida diaria. Móstrannos con toda crueza as batallas que é necesario librar para conseguir conducir a bo termo os bos propósitos que animan as persoas.

Unha nai de familia de 36 anos, enxeñeira técnica, con dúas nenas de 4 e 2 anos, conta así as súas vicisitudes e problemas: “Soa o espertador ás 6,40, apágoo rapidamente non sexa que esperte algunha das nenas. Aprendín a moverme ás escuras, a pechar portas e accionar interruptores sen un ruído. Se Encarna esperta, quererá mamar, chorará e non terei tempo de almorzar porque, se o fago, cando chegue ao traballo non haberá sitio para aparcар, ficharei tarde, non chegarei á primeira reunión... E terei que fichar á saída máis tarde, a canguro recibírame con cara de desespero, e eu iría de cu todo o día. Como o meu marido está de viaxe, a canguro toma o relevo ás 7.10. Xa son e nove. “¡Mamiiii, mamiiii!”. É Laura, a miña filla de 4 anos. Por favor, que non estea enferma. A nosa sétima canguro en catro anos xa chegou. Saudámonos e dámonos o parte. “Encarna espertou tres veces, e Laura, unha, que tiña medo. Pónlles as camisetiñas de felpa, que vai moito frío”. 7.25. ¡Bleeeen! Atopei aparcamento na alameda. Traballo. Son afortunada porque a miña xornada é intensiva. Son enxeñeira técnica. No bar da esquina trago un café con leite e vou fichar co esófago cauterizado. O traballo amontóase. 8.30. Chamo á miña sétima canguro: “¿Tusiu ao erguerse? Pois poslle xarope nunha bolsiña e dílllo á seño... Mira, é igual, eu chamarei a L’Escoleta e falarei con ela”. Tiven sorte con todas as canguros. Cando contratei a primeira, charlamos durante horas, ía dei-

xala a cargo do máis querido, tenro e delicado da miña vida, o meu bebé de oito meses. As 10.00: saímos almorzar. Penso no meu marido, esta noite volve de Barcelona. De súpeto son as 14.55. Non podo deixar isto sen rematar, 15.35: chego á casa. A miña sétima canguro saúdame con boa cara. Alivio. Encarna comeu ben. Asomo o meu sorriso e a súa cariña ilumínase máis aínda. Abrazámonos. Son as 16.00. Os fideos preparados para as 15.30 non están no seu mellor momento... pero é comida. 16.15: tómbome no sofá e reláxome. 16.45: a moverse. Laura sae ás 17.00. Collo a Encarna nos brazos e bícoa mentres esperta queixosa, xa na rúa. 17.15: imos ao parque. 18.30: poñemos música e xogan mentres eu rebusco no conxelador algunha alternativa para cear... Recoillo o salón e a cociña e ceo. 23.10: esperto no sofá cando chega Mario. Vén roto. Boas noites. Estou morta.

6.40. Comeza un día similar"... Imposible. Non hai un minuto de sosego. Lendo o relato enteiro chégase á conclusión de que ese frenesí é inaguantable. Pero hai miles de vidas semellantes. Nais sempre a metade de camiño entre a realización laboral e os seus proxectos familiares.

Buscáronse diversas solucións. Carmen Giró comentaba o 4 de abril do 2004 algunhas destas alternativas. O teletraballo é unha delas. O traballo dende a casa e o traballo a tempo parcial son outras opcións. O 17% das mulleres traballadoras en España, segundo os datos achegados por Giró, goza dun emprego a tempo parcial. En Holanda chega ata o 70%. A media europea alcanza o 32%. Estas situacións non están

exentas de problemas. Algúns comentarios e análises son sorprendentes. Por exemplo, no teletraballo e no traballo dende a casa, comentaba o xefe de servizo de saúde laboral e ambiental da Axencia de Saúde Pública de Barcelona, pérdese a interacción social, "que é un dos alicientes máis importantes do traballo". Ese illamento é percibido como algo prexudicial para a vida persoal e, ademais, "non poder separar o traballo da familia é moi negativo". A tensión de estar a traballar cos nenos chorando ao lado é, din os comentaristas, "unha fonte de estrés e ansiedade". Por outra banda, máis da metade das persoas que teñen un traballo parcial desexaría traballar máis horas co fin de aumentar os seus ingresos. É dicir, a nova situación coloca os seus protagonistas ao bordo da desfeita, da rotura. Cada familia trata de superar as dificultades inventando as solucións que considera máis eficaces. Non hai un remedio único e infalible. Tampouco existe, pola mesma razón, un único modelo de familia.

¿Que decisión se pode tomar ante os retos cos que deben enfrontarse as nais con fillos e con traballos asalariados? Esta pregunta formulábaa Inés Alberdi no seu estudo sobre a nova familia española. "O seu fillo, contestaba, necesítala, dinlle os psicólogos e as avoas; a súa familia necesita o seu salario e ela necesita a autonomía que o seu traballo lle ofrece. As opinións dos cónxuxes e do ámbito familiar están divididas, as actitudes fixéronse máis favorables ao traballo das mulleres, pero aínda son elas as que han de tomar a decisión e as que han de arrostrar a responsabilidade dos problemas que poden derivarse desta" (Alberdi, 1999, 164).

DIFERENTES MOMENTOS DA TRANSFORMACIÓN FAMILIAR E A MULLER POSMODERNA

Chegamos a unha situación chea de obstáculos e cambios. O traballo asalariado pasou a representar un papel decisivo e fundamental na vida das persoas. Contribuíu a modificar todo o sistema de relacións interpersoais e familiares, foi e continúa sendo causa de problemas sen límite. Pero non hai marcha atrás. Volver a modelos anteriores significaría, para a maioría dos habitantes das grandes cidades e das sociedades desenvolvidas, condenarse á desaparición total ou á inanición.

Todo sufriu, dicimos, alteracións profundas que converten o mundo que se foi consolidando a partir da revolución industrial en algo irredutible a momentos anteriores ou a épocas pretéritas. O traballo e as formas que foi adoptando interveu en todos os procesos de transformación. Pero o efecto máis destacado e digno de ser sinalado, malia todas as dificultades, atopou a súa maior repercusión na muller e no papel que pasará a desempeñar no mundo laboral, profesional e social. “A idade de ouro da muller de interior, observaba Lipovetsky, quedou agora ás nosas costas. Tras un século marcado pola depreciación da muller activa, iniciouse un ciclo dominado polo seu recoñecemento e valoración sociais. As democracias posmodernas escriben un novo capítulo da historia das mulleres, o da posmuller da súa casa” (Lipovetsky, 1999, 201).

¿En que consiste esta nova figura? ¿Como está a intervir na estrutura familiar? Varios dos trazos e detalles que se foron sinalando son sorprendentes e deben

ser tidos en conta para comprender o que está a acontecer.

O gran cambio prodúcese a partir da década dos sesenta. Ata esa época as mulleres xustificaban o seu traballo por razóns económicas, por motivos complementarios e de axuda ao benestar familiar. Dispoñer de maiores ingresos, contribuír a que os fillos poidan acceder a estudos superiores e desfruten dunha boa formación, conseguir unha vivenda mellor, adoitaban ser algunhas das razóns esgrimidas para defender a participación laboral da muller casada. O traballo fóra do fogar é aínda secundario (Sullerot, 1968). A partir desa data, non obstante, a muller vai conquistando un compromiso cada vez máis intenso e radical coa súa promoción profesional. O desenvolvemento, o valor individual e a autonomía persoal identifícanse co traballo e coa remuneración por el obtida. Sistemáticamente, a afirmación de si mesma e a identidade propia asóciáanse á profesión e á actividade ocupacional fóra do fogar. “En 1990 oito de cada dez francesas consideraban que unha muller non pode sentirse realizada sen ter unha profesión”. Este feito vai acompañado dunha serie de actitudes básicas que modifican todas as relacións. A muller négase a depender exclusivamente do marido, “reivindica unha autonomía no seo da parella” e reclama a “construción dunha “seguridade” para o futuro. Por outro lado, a muller toma parte declarada en cuestións como o aborto, a anticoncepción, a liberdade sexual, o significado do matrimonio e a súa viabilidade, a familia e o número de membros que a constitúen, as demandas de divorcio por iniciativa propia, etc. Por

todas as partes “maniféstase a vontade feminina de constituírse en axente da súa propia vida. Na implicación feminina no traballo agóchase moito máis que o desexo de escapar do “gueto” doméstico; de feito, traduce a nova esixencia de afirmar unha identidade como suxeito” (Lipovetsky, 1999, 204-205).

A loita da muller pola igualdade de oportunidades, pola paridade remunerativa, pola responsabilidade profesional, por estes dereitos que desfruta o home no campo laboral, polo acceso aos centros de decisión, pola posibilidade de incorporarse á organización xeral da produción e da xestión, por unha avaliación fundada en criterios obxectivos de mérito e capacidade, etc., é máis que unha reivindicación política ou unha afirmación do individualismo feminino. Representa, para a maior parte das mulleres, a necesidade que senten de outorgarlles sentido ás súas vidas, de ser axentes e construtoras das súas propias existencias. Cada paso, cada decisión, cada intervención, cada acto é un momento da propia vida ao que non queren nin deben renunciar. Xa non admiten que alguén lles usurpe esta posibilidade, que lles sexan impostas todas as alternativas que deben asumir, que as súas condutas lles sexan inculcadas por forzas externas invisibles e inalterables. Todo indica que a loita por un traballo digno é a loita por unha identidade que se conquista cada día co exercicio do propio traballo. Desexan acertar ou equivocarse, sufrir ou gozar, loitar ou descansar por elas mesmas, polo pracer de sentirse, como todos, por algúns momentos, donas das súas vidas e destinatarias dos seus actos. Os vellos papeis cen-

trados na actividade doméstica, no coidado do fogar, na procreación e na vixilancia dos fillos, como único horizonte e como reduto inalterable, pertencen a un mundo desaparecido.

Tamén foron superadas outras formas de identificación e outras maneiras de asignarlles un posto no círculo da convivencia. A muller que buscaba acomodo no refuxio patrimonial, que se sometía a unha dependencia en función do partido que obtiña co matrimonio, a que se acollía á liñaxe, ao privilexio da casta ou ao poderío do grupo no que fora adscrita, mesmo a que era obxecto de exaltación poética, de apelación literaria, de mitificación retórica, a que se exhibía como representante do “belo sexo”, como obxecto de cobiza e veneración, todas esas mulleres foron superadas pola muller que é capaz de triunfar e ter éxito profesional, que consegue gañar a vida pola súa capacidade persoal, pola forza do seu traballo, polo valor das súas decisións, polo prestixio das súas ocupacións, pola remuneración da actividade á que se dedica, pola súa intervención directa e singularizada en todos os ámbitos da vida. “O que máis cambiou nos últimos lustros, resume Flaquers, foi xustamente a significación que as mulleres das clases altas e medias lle dan ao seu traballo: para elas a actividade económica pasou de ser unha condena a unha substanciosa fonte de retribución material e de gratificación persoal. Xa sexa como empresarias, como profesionais, como xuízas ou como executivas estas mulleres son as principais beneficiarias, no contexto actual, da revolución feminista e dos movementos de liberación da muller” (Flaquers, 1999, 59).

Non cabe dúbida de que este feito eliminou, como se dixo, vellas formas e estruturas familiares. Superou tamén o modelo de familia conxugal que describía Parsons e moitos dos sociólogos antigos, contribuíu a facer desaparecer esa situación na que se dicía que ningún outro membro da familia compartía co pai “o seu status na organización” (Parsons, 1972, 53). Pero, como non podía ser doutro xeito, este proceso e esta intervención feminina non deixa de ter o seu lado escuro, problemático e difícil. Máis alá das obrigas domésticas ás que se sente comprometida e ás que pode ser que non estea disposta a renunciar, máis alá da tensión que supón, como nos casos que vimos, o coidado dos fillos e a resposta aos seus compromisos laborais, as dificultades e os conflitos comezan moito antes. Esta estratexia afecta a muller e a canto a rodea case dende o momento mesmo do seu nacemento. Aspirar a un traballo digno e cualificado, responsable e merecedor de consideración, formular ese obxectivo como meta da propia vida significa pensar dende moi pronto na loita pola cualificación. É necesario decidir dende unha idade temperá que estudos convén realizar, que profesión se elixirá, en que centros e lugares se conseguirá, que recursos haberá que destinar a ese fin, que habilidades e destrezas haberá que ir conquistando. E, superados todos os obstáculos, será necesario competir a través de todos os sistemas de selección e de designación. A vida convértese, dende a infancia, nun sistema de eleccións múltiples e, en consecuencia, estará sometida a un grao de imprevisibilidade de grandes dimensións. Non é suficiente con

elixir, haberá que ir superando as diferentes etapas, haberá que apostar e comprometerse sabendo que o final é incerto.

Esta pugna foi creando esferas diferenciadas de intervención e de promoción. Existe un abano de actividades ocupacionais de predominio feminino: secretarias (97%), enfermeiras (90%), dependentas e empregadas... Outras, basicamente masculinas: exército, policía, transporte, construción... Tamén se configurou unha desproporción profesional. Entre 1982 e 1990, a concentración das mulleres nas profesións liberais aumentou un 55%, un 76% no ensino, un 90% no ámbito administrativo e comercial de empresa, un 43% nas profesións da información e do espectáculo. En 1990, o 47% das mulleres activas concentrábanse en 20 profesións. Noutras moitas, 316 consideradas en conxunto, a presenza feminina apenas chegaba ao 10%... (Lipovetsky, 1999, 225). A situación non era a mesma en todos os países e nacións. En Suecia, un dos países máis evolucionados neste sentido, como describe Janssens, durante a década de 1980, o “mundo laboral masculino comprendía uns 300 tipos de ocupación, mentres que o das mulleres só alcanzaba uns 30 tipos. Os postos de supervisión e liderado eran considerados, e aínda o son hoxe, prerrogativas exclusivas dos varóns. Mesmo en Dinamarca e Suecia, só a cuarta parte dos directivos eran mulleres, mentres que en España a cifra apenas alcanzaba o 3%” (Janssens, 2004, 153). É certo que estes datos non teñen un significado absoluto e definitivo. Sinalan unicamente unha tendencia durante un tempo determinado. O certo é, non obstante, que calquera intento por estable-

cer barreiras e límites inamovibles se verá constantemente superado. A medida que se camiña cara á sociedade de servizos, cara á sociedade do coñecemento e da información, as barreiras e as diferenzas irán desaparecendo. Unha vez emprendido o camiño da identificación profesional e ocupacional, da autonomía e da independencia laboral, xa non será abandonado. Será percorrido ata o final, un final que cada un se irá impondo a si mesmo como exercicio de decisións singulares e persoais. O individualismo e a individualidade como configuración é un resultado e unha realidade que formará parte doutras realidades, pero que non desaparece ao integrarse nas diferentes estruturas. É inseparable da profesionalidade e da competencia profesional.

ROLES E FUNCIÓNS

Non caben subterfuxios. Os roles, os papeis e as funcións, a medida que aumenta a igualdade ocupacional, converteranse en elementos intercambiabes. Neste campo pódese conservar a tese de Fromm: “O carácter típico dos homes e das mulleres na cultura occidental vén determinado polas súas funcións sociais respectivas, pero existe un aspecto do carácter que depende das diferenzas sexuais. Este aspecto é insignificante en comparación coas diferenzas de base social, pero non hai que prescindir totalmente del” (Fromm, 1972, 198). En xeral, os factores sociais moldean os factores biolóxicos. Esta tese pódese defender no sentido de que os factores sociais e culturais poden “aumentar, eliminar, ou cambiar o signo das diferenzas de raíz biolóxica”. Cando

queremos interpretar, xa que logo, os papeis que desempeñan homes e mulleres no seo das familias, teremos que aternos ao significado social que chegaron ou están chegando a adquirir. Non se pode esquecer que a familia non supón unha rotura total cos modos de ser previos dos membros que a compoñen. Os que foron covardes, ruíns, mendaces, violentos, mesquiños, envexosos, avaros, ladróns, cobizosos, insensibles, crueis..., ou os que estiveron dotados das virtudes contrarias a eses vicios, transportaranos á familia e vivirán con eles facendo dos próximos as súas vítimas ou os seus beneficiarios. Así foi para homes e mulleres e así continuará sendo. A familia é un escenario do que a vida das persoas non desaparece polo feito de instalarse nel. É un pequeno universo, un diminuto reino onde se concentra e onde resoa todo o ben e todo o mal da especie. Pero, ademais destas peculiaridades, a familia, imponlles, aos que pertencen a ela, actividades e condutas propias da súa natureza e condición. Estes papeis son os que estiveron sometidos a transformación e cambio.

Durante moitos anos, ata mediados do século pasado aproximadamente, como nos recordan os estudosos do tema, os roles e papeis gozaban dunha grande aceptación e unha relativa estabilidade. As sociedades tradicionais asignaron a homes e mulleres funcións separadas e complementarias. “En todas as sociedades coñecidas, argumenta Flaquer, as tarefas de protección ao grupo e as actividades de tipo militar e guerreiro incúmbenlles aos varóns e, doutra parte, nas principais relixións establecidas, as mulleres ocupan un

lugar subordinado tanto dende un punto de vista simbólico como na estrutura de poder” (Flaquer, 1998, 41). Durante séculos o home foi considerado como provedor e encargado da dirección do grupo. Á muller atribuíuselle o papel de xestora no terreo doméstico, encargada do coidado dos fillos e axente directo da cohesión afectiva da familia. Na actualidade queda moi pouco desa dicotomía e desa repartición. Desapareceu a interdependencia económica de marido e muller como feito inapelable. Derrubouse, coa sociedade agrícola, a visión da familia como unidade de produción, unidade de consumo e unidade de reprodución. Na nosa época, como consecuencia, prodúcese unha reconsideración absoluta de todas as funcións e competencias. Quedaron definitivamente eliminadas aquelas situacións nas que a muller era supeditada ás decisións do marido e aquelas nas que se menosprezaban as súas funcións e se rebaixaban as características da súa natureza baixo posicións amparadas, mesmo, por crenzas relixiosas. Aínda, no século XVII, Baltasar Gracián sentenciaba no *Criticador* a propósito dunha pasaxe bíblica: “Máis vale a maldade do varón, que o ben da muller, dixo quen máis ben dixo, porque menos mal che fará un home que te persiga que unha muller que te siga”. Foron necesarias revolucións culturais radicais para borrar do horizonte social estes estereotipos. As afirmacións de Baltasar Gracián superan, hoxe, toda ponderación e todos os límites permitidos. A igualdade que esixe e que lle pertence á muller significa non só un dereito político, senón unha defensa da paridade práctica que lle corresponde en

todas as ordes da vida. Afirmar que a familia patriarcal está en retroceso non representa a intensidade dos cambios que se están a producir. Antigamente, a maior parte das tarefas que debían asumirse no fogar eran transmitidas pola tradición e aceptábanse cunha indubidable resignación. Nestes momentos, a tendencia é distinta. Esas tarefas contémpanse como susceptibles de intercambio, como condutas negociables, sometidas, polo menos, a discusión e necesitadas de acordos tomados conxuntamente por homes e mulleres. Non se acepta a imposición nin a unilateralidade das funcións. Ás veces, botará man da maior ou menor habilidade. Noutras ocasións, non obstante, o reaxuste producirase de acordo coas circunstancias concretas dos protagonistas da familia e coas idiosincrasias conseguidas na loita polas competencias. O factor decisivo, como xa se indicou, de toda esta transformación atopou o seu apoio e fundamento no traballo remunerado fóra do fogar que a muller conseguiu desempeñar e na conquista do mundo profesional que foi capaz de alcanzar. A muller conseguiu a independencia real, que se traduce, en máis dunha ocasión, en que cada un dos cónxuxes xestiona os seus propios recursos e as unións matrimoniais se realizan baixo a cláusula de “separación de bens”.

Non obstante, hai moitos aspectos que se van poñendo ao descuberto. Se se repasan as enquisas e as estatísticas, se se contrastan os seus resultados, hai moitos datos sorprendentes. Por exemplo, existe un acordo bastante xeneralizado en torno ás repercusións que sobre a felicidade e estabilidade do matrimonio ten o “compar-

tir as tarefas domésticas”. Un 76,7% considera que intervir e contribuír á realización dos traballos do fogar axuda moito ou bastante a facer feliz un matrimonio. Hai diferenzas segundo a idade e segundo o xénero, pero, en xeral, admítase que existe unha clara tendencia a unha relación home-muller menos asimétrica dentro do núcleo familiar (CIS, 2003, 51-52). Malia todo, descóbreanse algunhas actividades que gozan dunha adscrición que parece resistirse ao tempo e a todos os cambios. No ano 2002, Salustiano del Campo e M. M. Rodríguez-Brioso lembraban unha observación feita por C. Tobío nun estudo de 1998: “Non hai ningunha tarefa doméstica que sexa realizada maioritariamente polos homes e só hai tres nas que participan conxuntamente: levantarse polas noites para atender o neno, axudar os nenos nos deberes e estar cos nenos despois do colexio”... “A muller dedícase predominantemente ao que son as tarefas de limpar, poñer a lavadora e preparar a comida, é dicir, ao que tradicionalmente veu facendo”. Á hora de buscar colaboracións e axudas, os avós maternos adoitan acudir cunha gran diferenza de intervención en auxilio das necesidades asistenciais da familia. Tamén os parentes femininos mostran unha maior disposición a prestar socorro e a participar na solución das dificultades que se producen nos fogares con motivo do traballo da muller ou de situacións similares (S. do Campo e M. M. Rodríguez-Brioso, 2002, 135-136).

Por unha parte, acéptase e reivíndícase o concepto dunha relación da parella no ámbito familiar igualitaria e participativa; por outra, compróbase unha permanencia

das tarefas domésticas adscritas á muller e unha reducida participación dos varóns en moitas das actividades imprescindibles para o mantemento do fogar. Non importa que un número cada vez maior de homes cociñen, freguen os pratos, limpen os cristais, pasen a aspiradora, fagan a compra, etc. Non importa que a súa cooperación aumente día a día. A clave atópase en que todas esas ocupacións e outras moitas continúan sendo maioritariamente realizadas por mulleres. Admítase e deféndese que esas tarefas son negociables, que non hai nada biolóxico que impida a súa execución por un ou outro dos membros da familia. Non obstante, persiste un profundo desequilibrio. Todos os roles están sendo cuestionados e postos en dúbida. Todos permanecen, en boa medida, inalterables. O desaxuste agudízase no que se chamou “xestión da vida cotiá”, cuxo peso recae maioritariamente sobre a muller. Aquí, falando en termos coloquiais, participábase, por exemplo, na colocación dos pratos, pero alguén decide como hai que colocalos e onde hai que facelo. O xestor é quen ordena como, onde e en que momento hai que facer o que se fai. Este pequeno mundo é o gran mundo da vida interna dos fogares. Este reducido universo é tamén onde a vida familiar adquire complicacións sutís e onde nada é o que parece ser. Moitos homes, ao renunciar a estes aspectos da actividade familiar, están a renunciar a asumir as responsabilidades principais que poderían corresponderlles. É como se se dixesen: estou disposto a botar unha man, a colaborar, non a comprometerme ata o extremo de que me absorba a vida enteira e me afoque. Algunhas das

formas de submisión, de docilidade, de pasividade, de inhibición fórzanse neste mercado íntimo da familia. Tamén se constrúe aquí a obstinación, a esixencia desmedida, a imposición e o exercicio do control desconsiderado.

Cada un destes aspectos revístese de mil formas distintas. É posible que, aplicado o microscopio da observación sociolóxica ao conxunto das relacións, se comprobe a existencia dunha cantidade enorme de pequenas e de grandes alteracións. De momento, a diferenza, aínda que adquira certos trazos excesivos, non sorprende a ninguén. Por iso a familia se fai plural e múltiple, se desinstitucionaliza. Homes e mulleres verten sobre ela toda a súa capacidade de invención e todo o seu afán de supervivencia. A familia goza, malia todo, como é sabido, dunha alta valoración por parte dos que a integran. As recomendacións de M. Yalom, máis alá das situacións de saturación e fuxida sen retorno, máis alá das opcións nas que se renuncia ao matrimonio e a formas similares de convivencia, poden traerse a colación: “Esposas, esposos, compañeiras e compañeiros, amantes, todos desexan ser confirmados pola súa actual parella e compartir unha conexión profunda e mutua. Tal unión require compromiso e máis compromiso. Ironicamente, acaso cheguemos a considerar o matrimonio como unha vocación, necesitada da devoción que antes se esperaba dos monxes e das monxas. Ser hoxe esposa, cando hai tan poucas prescricións e proscricións, é unha tarefa verdadeiramente creativa. Xa non abonda “pensar a través das nosas nais”, como dicía Virginia Wolf; agora debemos proxectarnos no futuro e pregun-

tarnos que clase de legado matrimonial queremos deixarlles aos nosos fillos” (Yalom, 2003, 442, 443). Formar unha familia, mantela e conservala, comporta, hoxe, un risco e entraña coraxe para superar as dificultades que, sen dúbida, a asedian.

A EDUCACIÓN

Malia todos os impedimentos, todos os cambios, todas as alternativas e modelos de familia, aínda resoa no ánimo dos seres humanos a advertencia de Horkheimer: “A familia como ideoloxía fomenta o autoritarismo represivo, pero, ao mesmo tempo, é evidente que a familia como realidade é o obstáculo máis forte e efectivo contra a recaída na barbarie que ameaza a todos os seres humanos no curso do seu desenvolvemento” (Horkheimer, 1972, 194). Existe actualmente, vimos repetindo, unha ampla aceptabilidade da familia e unha valoración moi positiva desta, aínda que as súas modalidades sexan diversas e aínda que as súas situacións non se poidan reducir a un único modelo. Todas as enquisas ofrecen parecido resultado en canto ao valor outorgado e ao significado do que representa na vida das persoas. A familia é, por outra parte, independentemente das vontades singulares e malia contar cunha inmensa variedade de formas e condicións, un lugar privilexiado de educación e o centro fundamental do que se chamou socialización primaria. Quizais haxa que rebaxar a exaltación de Karl N. Llewellyn cando afirmaba que “a familia segue funcionando dando gloria e beleza ao mundo”. A familia é tamén, como os medios de comunicación recordan cada día, o escenario de crueldades sen límite e de

desencontros dolorosos e irremediáveis. O positivo das súas posibilidades, non obstante, vence o negativo das súas adversidades. O selo educativo impreso nos membros nados no seu seo formará parte ineludible da súa vida ulterior. Dicio Goleman con toda claridade: “A vida familiar é a primeira escola de aprendizaxe emocional; é o crisol doméstico no que aprendemos a sentirnos a nós mesmos e onde aprendemos a forma en que os demais reaccionan ante os nosos sentimentos, aí é tamén onde aprendemos a pensar nos nosos sentimentos, nas nosas posibilidades de resposta e na forma de interpretar e de expresar as nosas esperanzas e os nosos temores” (Goleman, 1996, 298). Precisamente, un dos trazos que diferencia a aprendizaxe familiar de calquera outra aprendizaxe consiste en que todo canto acontece no seo dunha familia está tinguido de emotividade, de aceptación ou rexeitamento. A indeferenza mesma é unha reacción cargada de tensión emocional. Experimentase como desconsideración, como abandono, como condena, como unha situación na que alguén deixa de ser alguén para os outros próximos, para os que deberían ser os seus por enriba de todos os contratempos e de todas as circunstancias.

Educación significa, aquí, no ámbito familiar, poñer os alicerces do que se vai ser e acompañar o espertar, o despregamento da vida humana no amañecer das súas infinitas posibilidades.

1. Antes de nada, como se acaba de indicar, no ámbito da familia preséntanse as primeiras reaccións emocionais. Non só se manifestan emocionalmente as persoas que nos rodean, senón que se experimen-

tan os primeiros terrores, os primeiros desamparos e as primeiras satisfaccións antes de que poidan ser diferenciadas con claridade e antes de que se poida comprender o que está a acontecer.

2. As demandas biolóxicas fan a súa aparición e atopan alí o seu cumprimento ou a súa limitación. Os apetitos e desexos, a necesidade de se alimentar, de respirar, descansar, durmir, protexerse do frío ou da calor, evitar a dura contundencia das cousas físicas, o rozamento doloroso das superficies ferintes, o choque abrupto das portas, dos utensilios e dos obxectos indómitos que nos rodean, todo iso significa o doce e esforzado espertar da vida, da vida que aparece no mundo con cada un dos seres humanos que nacen sobre a superficie da terra.

3. Na familia maniféstanse os primeiros sons guturais, eses ensaios sonoros, incomprensibles e deformes, que se irán organizando en forma de palabras co fin de que se cumpra a tarefa inmensa de lles poñer nomes ás cousas, a canto nos rodea e a canto poida existir. A linguaxe “materna” acompañaranos como unha prolongación inabarcable do corpo e da mente que nos permitirá ser sempre máis do que estamos a ser.

4. Os chapurreos da razón atoparán neste recinto da familia o seu primeiro lugar de ensaio. ¿Que está a pasar? ¿Que fas?... Os infinitos interrogantes espertados co espertar da curiosidade, da experiencia, dunha conciencia aínda sen formar e dunha vida que está chegando a ser máis que vida, atopan na familia as formas iniciais e máis rudimentarias de exploración e de descubrimento.

5. A presenza de si mesmo ante os demais e dos demais ante si mesmo, a sensación de ser alguén a quen se chama, que responde ás chamadas dos outros e que comproba que os outros tamén responden ás súas, este achado enorme de ser un mesmo entre outros moitos que tamén son si mesmos vai consolidándose ou destruíndose a través da familia. Aquí pónsenos un nome como unha pegada que se nos imprime e que nos acompañará irremediabilmente.

6. Na familia prodúcese a experiencia de ser “nós”, a sospeita e despois a certeza de “eles”, dos que non son nós, dos que non concorren ao mesmo domicilio, dos que non pertencen á secreta intimidade dun número reducido de persoas. Lazos profundos, ligaduras imborrables do parentesco e da consanguinidade serán parte da riqueza ou da pobreza que nos fará ser parte do que chegue a ser. Aquí, ademais, como se repetiu con frecuencia, acontece o cegamento da conversión do individuo en persoa. “O grupo-nós, dicía Llevellyn, é o único mecanismo que coñecemos para converter o bebé no que podemos chamar persoa”... As alianzas e os pactos, o amor e o odio, atoparán aquí o muíño para lles dar textura e para transformalos, para dominalos ou para deixarse dominar.

7. A familia é o viveiro no que se despregan as calidades fastosas das cousas e se observan as posibilidades que as acompañan antes de que sexamos capaces de analízalas. Azul, verde, negro, branco e as combinacións de que son capaces; melodioso, áspero, confuso, claro e nítido, estridente ou apracible, serán a representación do que queremos que chegue a ser ou do que intentaremos evitar que aconteza.

8. A familia é a forxa onde se consolidan ou se descompoñen os valores, onde os ideais e as crenzas se incorporan á orde ou á desorde da propia experiencia.

9. A familia é, en xeral, o sistema de relacións dende o que se traballa. Pártese do seu recinto e dos seus dominios e retórnanse a eles. A súa subsistencia depende da actividade laboral dos membros que a compoñen. Non se trata unicamente dos “traballos” internos que acompañan o mantemento do grupo, senón dos que achegan os medios e os recursos necesarios. En calquera caso, este é o punto clave dende o que agora convén retomar a educación.

Os traballos, o traballo propiamente dito, realízanse fóra do fogar, aínda que se instale no domicilio propio. Traballar, hoxe, significa, sobre todo, como xa se dixo, levar a cabo unha actividade visible, pública, temporalmente delimitada, contractualmente regulada, pola que se recibe unha remuneración. Buscar traballo, ter traballo, ir ao traballo, desempeñar un traballo, teñen este sentido. Precisamente, este é un fenómeno típico da nosa época. Xa o vimos. Pero, tomado nesta acepción máis restritiva, o traballo sufriu unha profunda transformación. Declaráboo Gorz con total claridade: “A utopía industrialista prometíanos que o desenvolvemento das forzas produtivas e a expansión da esfera económica ían liberar a humanidade da escaseza, da inxustiza e do malestar; que lle ían dar, xunto co poder soberano de dominar a natureza, o poder soberano de determinarse; e que ía facer do traballo a actividade á vez demiúrxica e autopoética na que a realización incomparablemente singular de cada un —á vez

dereito e deber— é recoñecida como útil para a emancipación de todos.

Desta utopía non queda nada. Isto non quere dicir que todo sexa agora van e que só nos quede someternos ao curso das cousas. Isto quere dicir que nos é preciso cambiar de utopía; porque mentres permanezan prisioneiros da que se vén abaixo, seguiremos sendo incapaces de percibir o potencial de liberación que a actual mutación contén e de sacar partido do devandito potencial imprimindo o seu sentido a esta mutación” (Gorz, 1995, 20).

Se esta advertencia de Gorz é correcta, se a etapa industrialista desapareceu e dela non queda nada, ¿que aconteceu e que está acontecendo co traballo? ¿Que sucede coa educación familiar para o traballo?

Os traballos, como demostraron, por exemplo, Sennett e Bauman, sucédense e cambian. Están permanentemente ameazados. Ningunha familia pode estar segura de que exista un tipo de traballo inalterable ao que se acoller e que poida ser gozado con idénticos parámetros durante toda a vida. “Mesmo, como se escribiu, as máis venerables oficinas e fábricas, orgullosas do seu pasado, tenden a esvaecérense da noite á mañá e sen previo aviso: traballos supostamente permanentes e indispensables evapóranse moito antes de que o traballo se rematase; cualificacións que en tempos se buscaban febrilmente, das que había a máxima demanda, caducan e considéranse invendibles moito antes de que a súa data de caducidade prevista expirase; e as rutinas laborais transfórmanse de arriba abaixo antes de que se aprendan” (Bauman, 2003, 56). A pesar de todo, o traballo

é necesario para conseguir os medios cos que vivir. Esta situación fai de nós individuos sometidos ao risco permanente, intrinsecamente vulnerables, dramaticamente dependentes. ¿Que pode significar a educación nestas circunstancias?

Algunhas familias rematan desentendéndose do tema e confiando na sorte. Outras, decidíronse a depositar as súas demandas nos gobernos, nas institucións docentes e académicas, nos centros de formación, e a esixirlles que preparen os seus fillos para un futuro próspero e prometedor. Desexan o mellor para os seus, que son tan bos como calquera outro polo mero feito de ser un dos seus. Reclaman atención e éxito na preparación e no resultado final. Pero, á vez que se verten estas reivindicacións, un acusado escepticismo ponse de manifesto. É como se se colocasen as novas xeracións en mans alleas das que, antes de que realicen o seu traballo, se sospeita que o farán mal ou que non serán capaces de levalo a cabo con eficacia. Abundan as anécdotas caricaturescas e as situacións desconcertantes. Cando as expectativas son excesivas, cando non teñen límite e se acompañan de referencias puntuais, o fracaso será inevitable. É necesario que familias, gobernos e profesionais se poñan de acordo e concreten o que se debe facer e como executalo. Non se trata dunha cuestión doada e de algo que unicamente require boa vontade ou tesón e empeño persoal. Un mundo en continuo movemento, un mundo que cambia e se transforma sen parar non garante nada sobre o que se apoiar, non ofrece ningunha seguridade. Haberá que diagnosticar con precisión o que está a acontecer e a sociedade cara á que se camiña ou a que se pre-

tende alcanzar. Se non hai acordo sobre iso, sobre o chan no que as familias, as institucións e os gobernos están instalados e sobre as metas ás que aspiran, a educación será un fracaso antes de que calquera educación comece a se impartir.

Sendo así a realidade, o certo é que aceptar o fracaso como destino final é o maior dos fracasos. Sempre hai algo que se pode facer. Educar para o traballo significa estar dispostos a levar a cabo, como acontece con toda educación, un proceso longo e minucioso. As claves deste percorrido son, a pesar de todo, sinxelas: 1º) Ninguén pode educar para o traballo se non adopta unha actitude positiva ante o que significa e o que representa. Os que pensan que o traballo é un castigo, que o traballo é un erro da natureza ou que é unha maldición divina, xamais poderán educar para o traballo. Educar significa, antes de nada, valorar positivamente o que se pretende alcanzar. 2º) É imprescindible fomentar sen falacias, facilitar e promover as habilidades, as posibilidades internas de cada un dos suxeitos singulares, de cada individuo concreto. Trampear neste campo é un modo de destruír as persoas. As familias que se empeñan en converter o seu fillo mudo nun cantante de ópera, non só inutilizarán o seu fillo, senón que maltratarán a sociedade. 3º) A orientación debe ir encamiñada cara ao futuro, cara ás novas demandas, sen aspirar a un reino imposible, non cara a un pasado morto. Estas leves indicacións son pouca cousa. Non dan respostas concretas. Sinalan un camiño guiado polo sentido común que, á fin e ao cabo, é o termómetro que nos pode axudar a elixir nun mundo incerto e empeñado, parece ser, en confundirse a si mesmo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALBERDI, I. (1999): *La nueva familia española*. Madrid, Taurus.
- BAUMAN, Z. (2003): *Comunidad. En busca de seguridad en un mundo hostil*. Madrid, Siglo XXI.
- BERGER, P.L. (1967): *Introducción a la Sociología. Una perspectiva humanística*. México, Limusa Wiley, S.A.
- CADORET, A. (2003): *Padres como los demás. Homosexualidad y parentesco*. Barcelona, Gedisa.
- CAMPO, S. del e RODRÍGUEZ BRIOSO, M. M. (2002): La gran transformación de la familia española durante la segunda mitad del siglo XX, en Reis 100 p.103-165.
- CASTILLA DEL PINO, C. (2000): *Teoría de los sentimientos*. Barcelona, Círculo de Lectores.
- CENTRO DE INVESTIGACIONES SOCIOLOGICAS (2003): *Relaciones interpersonales: valores y actitudes de los españoles en el nuevo milenio*. Madrid, CIS.
- FERRÁNDIZ, A. e VERDÚ, V. (2004): *Noviazgo y matrimonio en la vida española 1974-2004*. Madrid, Taurus.
- FLAQUER, LI. (1998): *El destino de la familia*. Barcelona, Ariel.
- FLAQUER, LI. (1999): *La estrella menguante del padre*. Barcelona, Ariel.
- FROMM, E. (1972): Sexo y carácter, en Fromm, Horkheimer, Parsons e outros, *La familia*. Barcelona, Península, p.195-215.

- GODOY, J. (2001): *La familia europea*. Barcelona, Crítica
- GOLEMAN, D. (1996): *Inteligencia emocional*. Barcelona, Kairós.
- GORZ, A. (1995): *Metamorfosis del trabajo*. Madrid, Sistema.
- HEGEL, G.W. F. (1988): *Principios de filosofía del derecho*. Barcelona, Edhasa.
- HORKHEIMER, M. e outros (1972): *La familia*. Barcelona, Península.
- HUGUET, E. (2004): "Testimonios de una odisea diaria", en *Magazine*, 7-III-20⁰⁴, p. 48-59.
- JANSSENS, A. (2004): "Transformación económica, trabajo femenino y vida familiar", en Kertzer, D. I. e Barbagli, M. (comps.), *Historia de la familia europea, Vol. III. La vida familiar en el siglo XX*. Barcelona, Paidós, p. 115-179.
- KASER, K. (2002): "La servidumbre en Europa oriental", en Kertzer, D. I. e Barbagli, M. (comps.) (2002) *Historia de la familia europea, Vol. I. La vida familiar a principios de la era moderna (1500-1789)*. Barcelona, Paidós, p. 73-120.
- KERTZER, D. I. e BARBAGLI, M. (comps.) (2003): *Historia de la familia europea. Vol. II. La vida familiar desde la Revolución Francesa hasta la Primera Guerra Mundial (1789-1913)*. Barcelona, Paidós.
- LASLETT, P. (1987): *El mundo que hemos perdido, explorado de nuevo*. Madrid, Alianza.
- LIPOVETSKY, G. (1999): *La tercera mujer*. Barcelona, Anagrama.
- MALINOWSKI, B. (1995): *Los argonautas del Pacífico occidental. Comercio y aventura entre los indígenas de la Nueva Guinea Melanésica*, 4^a edic. Barcelona, Península.
- MILLER, J. A. e outros (1997): *El síntoma charlatán*. Barcelona, Paidós.
- PARSONS, T. (1972): "La estructura social de la familia", en Fromm, Horkheimer, Parsons e outros, *La familia*. Barcelona, Península, p. 31-65.
- PERROT, M. (1997): "Les échanges à l'intérieur de la famille. Approche historique", en Singly, F. de *La famille, l'état des savoirs*. París, Éditions le Découverte, p. 97-106.
- REHER, D. S. (1996): *La familia en España, pasado y presente*. Madrid, Alianza.
- RODRÍGUEZ NEIRA, T. (2001): "Educación y trabajo. Interacción entre el sistema educativo y laboral", en Medina, R., R. Neira e outros, *Teoría de la educación*. Madrid, UNED, p. 653-675.
- RODRÍGUEZ NEIRA, T. (2003): "Pedagogía y educación familiar", en Gervilla, E. (coord.) *Educación Familiar. Nuevas relaciones humanas y humanizadoras*. Madrid, Narcea, p. 13-25.
- RUYER, R. (1948): "Métaphysique du travail", *Revue de Métaphysique et de Morale*, 53, 26-54 y 190-215.
- SARTRE, J. P. (1995): *Las palabras*. Madrid, Alianza.

- SARTRE, J. P. (2004): *El ser y la nada*. Barcelona, RBA.
- SENNETT, R. (2000): *La corrosión del carácter. Las consecuencias personales del trabajo en el nuevo capitalismo*. Barcelona, Anagrama.
- SENNETT, R. (2003): *El respeto. Sobre la dignidad del hombre en un mundo de desigualdad*. Barcelona, Anagrama.
- SULLEROT, É. (1968): *Histoire et Sociologie du travail féminin*. París, Gonthier.
- TOURIÑÁN, J. M. (1987): *La educación como objeto de conocimiento. Teoría de la educación*. Madrid, Anaya.
- TOURIÑÁN, J. M. (1999): "La generación de contenidos de instrucción: propuestas que inciden en la selección y organización", *Revista de Educación* 319 p. 331-349.
- YALOM, M. (2003): *Historia de la esposa*. Barcelona, Ediciones Salamandra.



Teófilo RODRÍGUEZ NEIRA: "Familia, traballo e educación. Riscos e problemas da organización familiar", *Revista Galega do Ensino*, núm. 44, novembro 2004, pp. 49-81.

Resumo: os traballos, o traballo propiamente dito, realízanse fóra da casa. Traballar hoxe significa, sobre todo, levar a cabo unha actividade visible, pública, temporalmente delimitada, contractualmente regulada, pola que se recibe unha remuneración. Buscar traballo, ter traballo, ir ao traballo, desempeñar un traballo, teñen este sentido. Precisamente este é un fenómeno típico da nosa época. Ningunha familia pode estar segura de que exista un tipo de traballo inalterable ao que acollerse e que poida ser desfrutado con idénticos parámetros durante toda a vida. A pesar de todo, o traballo é necesario para conseguir os medios cos que vivir. Esta situación fai de nós individuos sometidos ao risco permanente, intrinsecamente vulnerables, dramaticamente dependentes. ¿Que pode significar a educación nestas circunstancias? Este é o problema que se aborda neste artigo.

Palabras clave: familia, traballo, educación, desenvolvemento persoal, socialización, organización familiar.

Resumen: los trabajos, el trabajo propiamente dicho, se realizan fuera del hogar. Trabajar hoy significa, sobre todo, llevar a cabo una actividad visible, pública, temporalmente delimitada, contractualmente regulada, por la que se recibe una remuneración. Buscar trabajo, tener trabajo, ir al trabajo, desempeñar un trabajo, tienen este sentido. Precisamente este es un fenómeno típico de nuestra época. Ninguna familia puede estar segura de que exista un tipo de trabajo inalterable al que acogerse y que pueda ser disfrutado con idénticos parámetros durante toda la vida. A pesar de todo, el trabajo es necesario para conseguir los medios con los que vivir. Esta situación hace de nosotros individuos sometidos al riesgo permanente, intrínsecamente vulnerables, dramáticamente dependientes. ¿Qué puede significar la educación en estas circunstancias? Este es el problema que se aborda en este artículo.

Palabras clave: familia, traballo, educación, desenvolvemento personal, socialización, organización familiar.

Abstract: work in the true sense of the word is done outside home. To work, nowadays mainly implies to carry out a visible and public activity, which is delimited within a time, with an ongoing contract, and for which one is paid. To find a job, to work, to go to work or to carry out a job have the above-mentioned sense. Precisely, this is a typical situation at the present time. Not a single family can be sure that their job/s will not change and will remain forever. However, work is necessary to make a living. This situation makes us individuals intrinsically vulnerable, dramatically dependent and, thus, under permanent risk. What is the role of education under these circumstances? This is the research question of this article.

Key words: family, work, education, personal development, socialisation, family organisation.

– Data da versión definitiva deste artigo: 29-06-2004.

